



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028

E-mail: concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

RESOLUCIÓN 521/2015 DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS BASES APROBADAS POR CONCURSO PARA CUBRIR OITO PRAZAS DE LIMPADORAS – PERSOAL LABORAL TEMPORAL DISCONTINUAS- CONTRATOS DE SERVICIO

Por Resolución nº 63/2014, do 11 de marzo a alcaldía deste concello aprobou as bases para cubrir de forma interina unha praza de limpadora por mor dunha baixa (ITT) ata a reincorporación de titular.

Nas condicións dos aspirantes para poder tomar parte no concurso, estableciase:

g) Estar en posesión do Certificado de Escolaridade e/o posuir a habilitación requirida para o posto de traballo a desempeñar, acreditado mediante certificado de empresa, documentos de cotización, contratos de traballo, vida laboral ou nómina

O día 30 de outubro aprobáronse por Resolución de alcaldía 508/2015 as bases para cubrir oito prazas de limpadoras-persoal laboral discontinuas-contratos de servizo

Nelas esíxese na base 2º estar en posesión do certificado de escolaridade

Pode entenderse discriminatorio con respecto as bases aprobadas o 11 de marzo de 2014

Poreste motivo RESOLVO:

1º.- Modificar a Base 2º - SEGUNDA.-CONDICIÓNSDOS ASPIRANTES, quedando esta do seguinte xeito:

Para tomar parte no concurso, os/as aspirantes deberán reunir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os requisitos seguintes:

- a) Ser español/a ou nacional dun estado membro da Unión Europea. Tamén poderán participar outras persoas estranxeiras, sempre que teñan residencia legal en España e autorización para traballar que lle permita incorporarse inmediatamente ao posto de traballo
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública nin ter sido inhabilitado para desempeñar funcións públicas

- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desempeño das correspondentes funcións
- e) Non ter antecedentes penais nin causas abertas por agresións a terceiras persoas, malos tratos, etc.
- f) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da categoría á que se aspira
- g) No seu caso acreditación coñecemento galego
- h) Estar en posesión do Certificado de Escolaridade e/ou posuír a habilitación requirida para o posto de traballo a desempeñar, acreditado mediante certificado de empresa, documentos de cotización, contratos de traballo, vida laboral ou nómina

2º.- Que se publique esta modificación na páxina web e no Taboleiro de anuncios.

Ponteceso, 5/11/2015

O alcalde

Xosé Lois García Carballido

A Secretaria

Cristina Castro Fuentes

